

COMPOSTELA ★ MADRID ★ BERLIN

los REYES del K.O.



UN DOCUMENTAL PRODUCIDO POR



oRoboRo
films

los REYES del K.O.




oRoboRo
films

O documental Los Reyes del K.O. investiga a traxectoria persoal e artística de dous mozos músicos de Blues galegos, que viviron entre Santiago, Madrid e Berlín e tocaron, e ata gravado discos, con bluesmen do calibre de Guitar Crusher.

Chámanse Marcos Coll e Adrián Costa, e é imposible non recoñecer a enerxía que emanan no escenario e a calidade da súa música.

SINOPSE



MEMORIA

Ao longo do documental, que se desenvolve entre Galicia, Madrid e Berlín, descubriremos, a través de entrevistas e actuacións, como o dúo mantén viva e constante a súa relación con Galicia, xa que Santiago é a cidade onde Los Reyes del KO crearon e compartiron con outros músicos galegos as ferramentas necesarias para xerar o seu proxecto musical, aventurándose no Blues e enriquecéndoo de novas connotacións, consecuencia da súa propia identidade cultural claramente diferenciada da dos clásicos Bluesmen norteamericanos.

Por iso,

esta relación con Galicia non queda reducida a mera anécdota do pasado, moi ao contrario, vai madurando a través dun intercambio constante.

Los Reyes del Ko viven agora en Berlín e levan artistas do panorama alemán e internacional como Chris Rannenberg e Guitar Crusher nas súas xiras galega; ao mesmo tempo, en Alemaña, dan a coñecer o Blues español a través de eventos como "La noche del Boogaloo", unha serie de concertos no marco do Festival de Jazz and Blues de Kopenick (Alemaña), onde unha versión Blues de "La Paloma" e as notas de "I was born in Santiago" demostran ao espectador que ningún xénero musical ten fronteiras.....

Un pouco como Los Reyes del K.O.



FICHA TÉCNICA

FORMATO DE GRAVACIÓN: DV /
Cor / 16:9.

DURACIÓN: aprox. 55'.

LOCALIZACIÓNS: Galicia, Madrid,
Berlín.

DATAS DE RODAXE PREVISTAS:
31 agosto – 5 setembro 2007(Berlín),
16 – 30 de outubro 2007 (Galicia),
10-20 novembro (Madrid), 7- 14 xa-
neiro 2008 (Berlín). Máis datas a de-
terminar.

TARGET: Para todos os públicos.



★ ★ ★ ★ ★

EQUIPO E FICHA TÉCNICA

★ ★ ★ ★ ★

EQUIPO

Dirección
Gael Herrera e Margherita Morello

Axdte. Dirección
Ezra Moreno

Xefa de Producción
Olaya Azzam

Fotografía
Jose Gómez

2ª Operadora
Margherita Morello

Sonido
Verónica Font

Productoras ejecutivas
Gael Herrera e Margherita Morello

OROBORO FILMS nace como produtora audiovisual legalmente constituída en xuño 2007, aínda que as súas dúas socias traballan conxuntamente nos seus proxectos desde 2001 e desde 2006 baixo o nome de OROBORO FILMS, producindo o documental Documad e curtametraxes como “A familia”, “Flavia Sándalo” e “Bloque 0”, rodado en Barcelona por un equipo predominantemente galego (actualmente en postproducción).

As SOCIAS FUNDADORAS

Gael Herrera é unha realizadora galega que se formou en diversas escolas de cine do mundo (Chile, Madrid, Berlín, India) e que desenvolveu un estilo propio inconfundible, a nivel de forma e contidos, grazas á súa particular sensibilidade e a unha gran intuición como operador de cámara e editora; realizou curtametraxes (“Vampiros en la ciudad de piedra”, “La cajita”; “La maldición del capitán Centollo”, emitido pola Televisión de Galicia, “Reversible”, Berlinale Talent Campus 2005) e documentais (en Marrocos, Brasil, Cuba) e traballou como freelance, para televisións e produtoras, gravando e editando videoclips, obras de teatro, concertos, anuncios, informativos, curtametraxes, longametraxes e documentais.

Actualmente é realizadora na Televisión Localia de Santiago e está preparando un proxecto de curtametraxe.

Margherita Morello é unha realizadora italiana formada case exclusivamente a través da súa experiencia profesional en Galicia, que desde o comezo buscou o seu propio camiño como directora de proxectos persoais, paralelamente á realización de traballos por encargo.

Realizou curtametraxes (“A Familia”, Berlinale Talent Campus 2006, Festival de Cans 2007; “Flavia Sándalo e ou falo de Shiva”, emitido pola Televisión de Galicia, Festival de Cans 2007) e documentais (“Bollywood Grill”; “Documad”, Festival Urgencias 17, Casa Encendida, Madrid; “El pueblo sin voz”, emitido por Tele Madrid e a Televisión Iberoamericana).

Traballou como freelance e colaborado con produtoras, gravando e editando obras de teatro, concertos, anuncios, curtametraxes, longametraxes e documentais.

Actualmente está preparando outro proxecto de documental e editando a súa terceira curtametraxe, “Bloque 0”, do cal Gael Herrera é directora de fotografía.


OBXECTIVOS DA PRODUTORA OROBORO FILMS

Seis anos compartindo todo tipo de experiencias creativas, formativas e profesionais axudáronnos a construír unha base sólida sobre a cal desenvolver proxectos máis ambiciosos no marco dunha nova produtora.

Os proxectos de OROBORO FILMS prevén a realización de documentais, curtametraxes e longametraxes, que promocionen o audiovisual galego e a súa proxección no estranxeiro, que fomenten unha máis alta participación da muller no campo audiovisual e teñan unha clara vocación de abordar temas sociais.

E todo isto sen renunciar á procura de novos códigos narrativos, dun estilo espontáneo e fresco que non estea rifado con calidade nin técnica, investigando novos formatos para que o cine non quede estancado en esquemas preconcebidos de forma, contidos e duración.

CV DA
PRODUTORA



PRODUCTORA:
PROXECTO:

OROBORO FILMS
LOS REYES DEL K.O.

ESPAÑA

CAP.01 GUIÓN E MÚSICA	5.000
CAP.02 ARTÍSTICO	0
CAP.03 TÉCNICO	11.500
CAP.04 ESCENOGRAFÍA	0
CAP.05 ESTUDIOS.....	4.820
CAP.06 MAQUINARIA.....	8.350
CAP.07 VIAXES.....	16.090
CAP.08 PELÍCULA (CINTAS)	90
CAP.09 LABORATORIO	0
CAP.10 SEGUROS E IMPOSTOS	500
CUSTO DE REALIZACIÓN	61.530
Produtor Executivo.....	2.000
Gastos xenerales (cap.11).....	2.220
Publicidade (cap.12.02).....	0
Intereses Pasivos (cap. 12.03).....	0
Copias (cap. 12.01).....	500
Dobraxo/subtitulado (Galego).....	900
Informe e Auditoria.....	0
CUSTO TOTAL.....	51.970.

ORZAMENTO